

Presidente e membros da RAGC, Autoridades académicas, Conselleira de educación U. e FP, compañeiros e amigos das tres Facultades galegas de Economía, e resto de asistentes

É para min unha grande honra recibir a primeira medalla que outorga a RAGC á traxectoria de investigación en CC. Económicas e Sociais, aínda máis estando rodeado de xigantes doutras áreas científicas. Todos os homenaxeados hoxe enfrontámonos ao difícil reto de tentar mellorar o benestar da nosa sociedade polo que visibilizar, poñer en valor e recompensar moralmente o traballo investigador é unha moi loable iniciativa da academia para con Galicia. Grazas!

Correndo o risco de ser interpretado como falso modesto, quero subliñar que se estou hoxe aquí é polo concurso de moitos, que me prestaron o apoio, os ánimos e os medios necesarios para desenvolver a miña carreira. En primeiro lugar, os meus mentores e mestres nas Universidades de Vigo e Santiago; tamén os meus colaboradores na investigación (de novo maioritariamente nestas dúas universidades; e que veñen nalgúns casos doutras disciplinas científicas); os meus doutorandos... grazas a todos polas vosas contribucións e por estar hoxe aquí acompañándome. Tamén son debedor dun entorno institucional moi propicio, na miña universidade, que me permitiu levar a cabo moitas iniciativas, como Economics for Energy ou a miña participación no IPCC, que seguramente non poderían ter agromado e sobrevivido noutros lugares. Tamén quero ter unha mención especial para o mundo empresarial, ás veces pouco comprendido desde a academia (e viceversa) pero tan crucial para entendermos o que necesita ser investigado e para poder transferir e recibir coñecemento,

e que me permitiu abordar algunhas das investigacións máis interesantes e útiles. Grazas tamén por partillar este recoñecemento hoxe.

Porén, nada do anterior sería posible sen o apoio da miña familia, a rocha na que refuxiarse nos moitos momentos duros da vida académica e a que me leva a investigar cada día con máis tesón sobre políticas que eviten ou mitiguen o cambio climático para as xeracións futuras.

Permítanme pechar esta breve intervención con tres reflexións ou mensaxes desde o meu recuncho académico. A primeira vai dirixida aos investigadores en economía. Hai poucos días Stern (o que deu nome ao famoso informe de 2006 que puxo o CC na axenda política e a ciencia económica no seu cerne) e Oswald, un recoñecido académico, afirmaban no portal do prestixioso CEPR nen máis nen menos que a ciencia económica está fallando á humanidade. Que os incentivos existentes, sobre todo en termos de publicación nas principais revistas, están a levar aos investigadores a non considerar un dos principais desafíos ao que se enfrenta as nosas sociedades (o CC), o que contrasta co que sucede noutras disciplinas e reclama incorporar esta cuestión de forma moito máis xeralizada no noso traballo. Temos que actuar con decisión ante este problema, e deixar claro que a variable climática non pode verse limitada aos estudos de economía ambiental ou pública senón que debe espallarse a todas as disciplinas económicas.

Unha segunda reflexión vai dirixida ao mundo investigador. A sociedade reclama de forma crecente a nosa participación en debates e

a transferencia de coñecemento e cumpre que asignemos unha parte significativa do noso tempo a iso. No caso do cambio climático, sen caír en activismo nen tremendismo, informando verazmente á sociedade dos impactos e dos custos e beneficios das alternativas correctoras. O moito que ten a nosa sociedade en xogo neste caso (pero tamén noutros moitos) esixe un comportamento excepcional desde o mundo académico.

E finalmente, unha reflexión para o noso país. Estamos ante un grande desafío non só porque os impactos do cambio climático serán moi significativos senón porque as inercias e o acomodo da última década téñennos situado nunha posición certamente complicada. Precisamos repensar e refacer a economía galega á vez que nos adaptamos a un cambio climático significativo, e para iso é fundamental comezar a actuar xa e de forma moi intensa, evitando victimismos e posicións reactivas. Só coa actitude decidida, principiando polos decisores políticos galegos, poderemos minimizar os custos da transición e seremos quen de protexer aos perxudicados polo cambio climático e polas estratexias correctoras.